

Que tal? Con ganas de traballar? Seguro que estas propostas que vos teño preparadas non vos van costar ningún esforzo. Xa sabedes que o 17 de Maio celebrouse o Día das Letras galegas para homenaxear a aquelas persoas que destacaron pola defensa da lingua galega. Nós en música imos facer a nosa pequena homenaxe traballando instrumentos populares galegos.

3º-4º PRIMARIA

Instrumentos populares galegos




Imos traballar durante uns días tres familias de instrumentos galegos: **Vento**, **Percusión** e **Corda**. E nesta sesión empezaremos pola **Familia de Vento** porque a ela pertence o instrumento noso máis característico que é.....a **GAITA**.

FAMILIA DE VENTO

GAITA

A gaita é da familia de vento como a trompeta, a flauta.....porque teño que soplar para que soe. Ten coma un saco de coiro que é o que se chama “FOL” e que o músico ten que encher soprando por un tubo chamado “SOPRETE”. Ó apretar este saco co brazo, fai que o aire saia expulsado por outros tubos. Un dos tubos ten uns buratos que tapándoo ou non, fai que a gaita produza diferentes sons, é o “PUNTEIRO”. Hai outro tubo, o “RONCO”, ou “RONCÓN”, que fai un son continuo e moi grave. Estas son algunhas das partes da gaita que xa coñecíamos do ano pasado.



Nesta dirección, podedes ver unha gaiteira moi famosa que visitou o noso cole.....SUSANA SEIVANE!!!!. Fíxate ben..... coñeces algún outro instrumento que esté tocando con ela???? Saberías dicir de que familia é?

https://www.youtube.com/watch?v=tgofY_FH16Y

Agora imos ver outros instrumentos que tamén pertencen á mesma familia:

REQUINTA


Tipo de frauta traveseira típica galega. O material máis empregado para a súa elaboración era o “buxo”.



Así soa a requinta coas gaitas, o tambor e o bombo
https://www.youtube.com/watch?v=2_ixVAbeBbQ

PITO

Tipo de frauta de bisel (como a frauta doce nosa). Fabricábanas normalmente os pastores para entreterse mentres coidaban o gando, pero tamén os empregaban os nenos como xoguetes ou para iniciarse no camiño da música.



Así soa o pito cun instrumento galego ,que veremos máis a diante....a zanfona.

<https://www.youtube.com/watch?v=3uo6daPtM1g>

CHIFLO

Este instrumento con frecuencia adornábase cun remate con forma de animal e era utilizado por afiadores e reparadores de paraugas.




É tempo de repasar.....

1) Une con flechas (como non é necesario imprimir, podes intentar tí facer o debuxo e logo poñerlle o nome debaixo).



REQUINTA



GAITA



CHIFLO



PITO

2) Ponlle o nome as partes da gaita (como non é necesario imprimir, podes intentar tí facer o debuxo e poñerlle as partes.)

